

2º EXERCICIO: PARTE ESPECIFICA

INSTRUCCIÓN:

1. - Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
 2. Esta proba consiste nun cuestionario eliminatorio de supostos prácticos da parte específica do programa, de 100 preguntas tipo test con 10 de reserva (as 10 últimas, da E101 á E110), que deberán ser contestadas entre os números E1 e E110, no corpo principal da "FOLLA DE RESPOSTAS".
 3. - O tempo total de realización do exercicio, é de **150 minutos**.
 4. - Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán **0,50** puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán **0,125** puntos.
 5. - Comprobe sempre que o número de resposta que sinala na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
 6. - Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
 - 7.- A resposta correcta marcarase cun **X** ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.
- Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.

8. - Ao rematar o seu exercicio, no suposto de que non teña que realizar o exercicio de lingua galega, advírtao á organización para a súa recollida. Debe entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS", no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame. Se ten que realizar o exercicio de lingua galega, permaneza no seu lugar. Ao finalizar o exercicio, garde este cuestionario no chan, baixo o seu asento e espere as indicacións para realizar a continuación o outro exame, en unidade de acto.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS QUE FIGURAN NO REVERSO
DA FOLLA DE RESPOSTAS PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. Segundo o documento Radiation Protection 180 de niveles de referencia en diagnóstico, o valor máis común do CTDIvol e, polo tanto nivel de referencia, para a exploración de cráneo para adultos en TAC é:

- A) 40 mGy.
- B) 60 mGy.
- C) 80 mGy.
- D) 100 mGy.

2. De acordo co documento nº 84 da ICRP sobre embarazo e irradiación médica, estimacións de risco absoluto de cancro en idades comprendidas entre os 0 e 15 anos, debido a irradiación en útero, están no rango de:

- A) 0.06% para dose fetal de 100 mGy.
- B) 0.06% para dose fetal de 10 mGy.
- C) 0.09% para dose fetal de 100 mGy.
- D) 0.09% para dose fetal de 10 mGy.

3. De acordo co ICRU 89 sobre braquiterapia de cérvix nun informe de Nivel 2 débese incluír o D_{98%} dos seguintes volumes:

- A) CTVHR e PTV-T.
- B) PTV-T e GTVub>.
- C) GTVub> e CTVHR.
- D) Só do PTV-T, nin o CTVHR nin o GTVub>.

4. Dispónse de un feixe de fotóns de alta enerxía de calidade $TPR_{20,10}(10) = 0.677$ para o que o rango de equilibrio lateral de partículas cargadas é 13 mm. De acordo co documento da IAEA TRS-483 "Dosimetry of small static fields used in external beam radiotherapy, cal destas cámaras de ionización se podería empregar para medir a dose absoluta de referencia dun campo con FWHM de 32 mm a 100 mm de profundidade en auga:

- A) Cámara con cavidade de lonxitude 4 mm e radio 3 mm e grosor da parede 0.4 mm
- B) Cámara con cavidade de lonxitude 3.5 mm e radio 2.75 mm e grosor da parede 0.6 mm
- C) Cámara con cavidade de lonxitude 4 mm e radio 2.5 mm e grosor da parede 0.6 mm
- D) Cámara con cavidade de lonxitude 5.5 mm e radio 2.5 mm e grosor da parede 0.4 mm

5. De acordo co documento nº 83 da ICRU, " Prescribing, recording and reporting photon beam intensity modulated radiation therapy", cal destas afirmacións é incorrecta?

- A) No nivel 2, recoméndase utilizar D_{2%} para informar da dose nos órganos de risco tipo serie.
- B) No nivel 2, recoméndase utilizar D_{50%}, D_{98%} e D_{2%} para informar da dose no PTV.
- C) D_{0%} correspóndese co mínimo de dose absorbida no PTV.
- D) D_{98%} é a mínima dose absorbida que cubre o 98% do volume do PTV.

6. De acordo coa recomendación do TG-56 da AAPM sobre QA de sistemas de planificación e cálculo, a dose en puntos representativos, tempos de parada de fontes e tempo total de tratamento debe verificarse fronte a cálculo manual baseado en tablas publicadas para todas as fontes en uso cunha frecuencia:

- A) Tan só inicialmente, con cambios de versión de software ou de identificación de fonte.
- B) Inicialmente, con cambios de versión de software ou de identificación de fonte e anualmente.
- C) Inicialmente, con cambios de versión de software ou de identificación de fonte e mensualmente.
- D) Inicialmente, con cambios de versión de software ou de identificación de fonte e antes de cada uso clínico das fontes.

7. Con respecto á eficiencia cuántica de detección (DQE) dos sistemas dixitais de conversión directa e indirecta, podemos concluir:

- A) A DQE para sistemas de conversión directa é xeralmente máis alta a baixas frecuencias e iguálanse a frecuencias próximas á frecuencia de Nyquist.
- B) A DQE para sistemas de conversión directa é máis alta a frecuencias baixas, e decae máis rápido a medida que nos aproximamos á frecuencia de Nyquist.
- C) A DQE para sistemas de conversión directa é máis baixa a frecuencias baixas, e a caída é máis suave a medida que aumenta a frecuencia.
- D) A DQE para sistemas de conversión directa é xeralmente maior que nos sistemas de conversión indirecta a todas as frecuencias

8. Sinale a resposta incorrecta de acordo ao descrito no RD 1566/1998, polo que se establecen os criterios de calidade en radioterapia, en relación ao programa de control de calidade:

- A) Incluirá a definición de obxectivos.
- B) Incluirá un inventario detallado do equipamento de medida dispoñible, no que constará a data da última calibración de cada equipo.
- C) Incluirá a relación das sucesivas etapas do proceso radioterapéutico.
- D) Incluirá a descrición do sistema de avaliación e análise de resultados do proceso radioterapéutico.

9. Unha semente de I-125 entrega nun punto unha dose integrada a tempo infinito de 10 Gy. Que dose entregou nese punto en 119 días?:

- A) 2.5 Gy
- B) 5 Gy
- C) 7.5 Gy
- D) 10 Gy

10. O volume RVR (Remaining Volume at Risk) obtense como:

- A) A diferenza entre o volume encerrado polo contorno externo do paciente e o dos PTVs para os cortes incluídos na imaxe.
- B) A diferenza entre o volume encerrado polo contorno externo do paciente e o dos CTVs e OARs para os cortes incluídos na imaxe.
- C) A diferenza entre o volume encerrado polo contorno externo do paciente e o do TV para os cortes incluídos na imaxe.
- D) A diferenza entre o volume encerrado polo contorno externo do paciente e o dos ITVs e PRVs para os cortes incluídos na imaxe.

11. ¿Cal dos seguintes tipos de células é máis radiosensible?

- A) Linfocitos.
- B) Células endoteliais.
- C) Osteoblastos.
- D) Células musculares.

12. Os eventos aleatorios no PET prodúcense por cal dos seguintes sucesos?

- A) Un dos fotóns de aniquilación é aleatoriamente dispersado no paciente.
- B) Un dos fotóns de aniquilación é aleatoriamente dispersado no scanner PET.
- C) Os fotóns de aniquilación que xorden de desintegracións separadas dun isótopo emisor de positróns son detectados erroneamente como un evento de coincidencia.
- D) Desintegracións que ocorren no paciente fora do campo de visión do gantry.

13. De acordo co ADR (Acordo Europeo sobre transporte internacional de mercadorías perigosas por estrada), en relación a vultos ou materiais sen embalar, un vulto que conteña material radioactivo pódese clasificar como exceptuado sempre que o nivel de radiación en calquera punto da superficie externa non pase de:

- A) 0,5 $\mu\text{Sv/h}$.
- B) 5 $\mu\text{Sv/h}$.
- C) 15 $\mu\text{Sv/h}$.
- D) 25 $\mu\text{Sv/h}$.

14. O código OLINDA úsase en Medicina Nuclear para:

- A) Optimización de filtros.
- B) Avaliación de imaxes cardiolóxicas.
- C) Dosimetría de órganos.
- D) Avaliación da uniformidade tomográfica, en conxunción co sinograma.

15. Segundo o documento da IAEA, TRS-398, as condicións de referencia para determinar a calidade dun feixe de electróns fíxanse de xeito que o tamaño de campo na superficie do manequín a SSD=100 cm debe ser:

- A) Polo menos 10cmx10cm para R50 menor ou igual 7g/cm².
- B) Polo menos 20cmx20cm para R50 menor ou igual 7g/cm².
- C) Polo menos 15cmx15cm para R50 maior ou igual 7g/cm².
- D) Polo menos 20cmx20cm para R50 maior ou igual 10g/cm².

16. Segundo o Protocolo Español de Control de Calidade en Radiodiagnóstico do 2011, cal é a tolerancia para a uniformidade espacial do número CT nun equipo de tomografía computarizada?

- A) Desviación de ± 5 UH entre os valores medidos na periferia respecto ao valor obtido na rexión central nun manequín de auga ou material equivalente.
- B) Desviación de ± 4 UH entre os valores medidos na periferia respecto ao valor obtido na rexión central nun manequín de auga ou material equivalente.
- C) Desviación de ± 10 UH entre todos os valores dos puntos de medida nun manequín de auga ou material equivalente.
- D) Desviación de ± 4 UH entre todos os valores dos puntos de medida nun manequín de auga ou material equivalente.

17. O Regulamento de protección sanitaria contra radiacións ionizantes establece que debe haber un rexistro dos residuos radioactivos almacenados. Para cada recipiente que medidas hai que consignar, como mínimo, neste rexistro:

- A) Os valores máximos do nivel de exposición a 1 m da superficie e a contaminación superficial.
- B) Os valores máximos do nivel de exposición en contacto e a actividade.
- C) Os valores máximos do nivel de exposición en contacto e a 1 m da superficie.
- D) Os valores máximos do nivel de exposición en contacto e a contaminación superficial.

18. ¿É posible almacenar nun PACS imaxes radiolóxicas comprimidas?

- A) Sí, en calquera caso.
- B) Non.
- C) Sí, no caso de que a compresión sexa sen perdas.
- D) Sí, no caso de compresión con perdas inferiores ao 10%.

19. O factor de retrodispersión para radioloxía xeral e fluoroscopia depende de:

- A) Tamaño de campo e calidade do feixe de radiación pero non do material sobre o que incide a radiación.
- B) Tamaño de campo, calidade do feixe de radiación e material sobre o que incide a radiación.
- C) Só do tamaño do campo.
- D) Da calidade do feixe de radiación pero non do tamaño do campo.

20. Que unidade de terapia producirá feixes de enerxía máis alta?

- A) Gammaknife.
- B) Acelerador lineal.
- C) TomoTherapy.
- D) Terapia de protóns.

21. A contaminación de neutróns é maior nun feixe de:

- A) Fotóns de 6 MV.
- B) Fotóns de 10 MV.
- C) Fotóns de 20 MV.
- D) Electróns de 20 MeV.

22. Segundo define o RD 1566/1998, se realizamos unha proba de control de calidade que ten establecida unha tolerancia dun 2% e estimamos para a nosa medida unha incertidumbre con $k=2$ dun 0.4%, o nivel de acción para esa proba será de:

- A) 2.4%.
- B) 2.8%.
- C) 3.3%.
- D) 4.8%.

23. Cal destes órganos non forma parte do modelo do tracto gastrointestinal segundo a publicación ICRP30?

- A) Esófago.
- B) Estómago.
- C) Intestino delgado.
- D) Intestino groso inferior.

24. Nunha instalación radioactiva de segunda categoría con campo de aplicación en Medicina Nuclear, quérese utilizar $\text{Se } ^{75}$ para diagnóstico, radionúclido para o que non se ten autorización. Se a actividade total que se vai a almacenar é de 3.8 MBq e o nivel de exención é de 10^6 Bq, esta modificación:

- A) Require unicamente a aceptación expresa da modificación por parte do Consello de Seguridade Nuclear antes da súa implantación.
- B) Non require o cumprimento de ningún requisito adicional xa que se trata dunha actividade exenta.
- C) Require autorización da modificación por parte do Ministerio de Industria, Turismo e comercio.
- D) Require unicamente autorización do titular da instalación para posesión e uso de devandito radionúclido.

25. Se queremos calcular a dose en línea media dun paciente de TBI a partir de lecturas de dosimetría in vivo mediante o método de Rizzotti precisamos:

- A) A dose á entrada, a dose á saída e o espesor do paciente.
- B) A dose á entrada e o espesor do paciente, pero non é necesaria a dose á saída.
- C) A dose á entrada e a dose á saída pero non é necesario o espesor do paciente.
- D) A dose á entrada. Non son necesarios nin o espesor do paciente nin a dose á saída.

26. Quérese calcular o valor dunha contaminación superficial mediante medida directa cun contador proporcional con área da xanela de 50 cm^2 . Se a eficiencia de detección para a enerxía en cuestión é do 5% e as taxas de reconto para a mostra e o fondo son: 25,0 cps e 5,0 cps, respectivamente, a actividade por unidade de superficie en Bq/cm^2 será:

- A) 8 Bq/cm^2 .
- B) 2000 Bq/cm^2 .
- C) 20000 Bq/cm^2 .
- D) 0.8 Bq/cm^2 .

27. De acordo co documento "Criterios de alta de pacientes e medidas para a protección radiolóxica do público despois de tratamentos metabólicos con I^{131} ", do Foro sobre protección radiolóxica no ámbito hospitalario, para poder dar o alta radiolóxica dun paciente, a taxa de dose a 1 m medida á altura do centro do tórax na parte frontal do paciente debe ser menor de:

- A) $10 \mu\text{Sv/h}$.
- B) $20 \mu\text{Sv/h}$.
- C) $40 \mu\text{Sv/h}$.
- D) $60 \mu\text{Sv/h}$.

28. En relación ao programa de calibracións e verificacións dos sistemas de detección e medida da radiación, a instrución de seguridade IS-28 do CSN, sobre especificacións técnicas de funcionamento que deben cumprir as instalacións radioactivas de segunda e terceira categoría:

- A) Non establece unha periodicidade para as calibracións e verificacións.
- B) Establece un prazo para as calibracións e as verificacións de 1 e 2 anos, respectivamente.
- C) Establece un prazo para as calibracións de 3 anos.
- D) Establece un prazo para as verificacións de 5 anos.

29. Unha lesión de pel de forma redondeada de 2 cm de diámetro cunha profundidade máxima de 5mm pode tratarse con braquiterapia de alta taxa empregando:

- A) O aplicador de Valencia.
- B) O aplicador de Utrecht.
- C) O aplicador de Manchester.
- D) O aplicador MUPIT.

30. Cando realizamos un tratamento de mama mediante campos tanxenciais pódese poñer o isocentro no extremo do campo correspondente ao pulmón e tratar con campos hemibloqueados ou ben poñer o isocentro no centro do volume e compensar as diverxencias modificando os xiros de gantry para anulalas polo lado do pulmón. Se o tratamento vai a 50Gy o V20Gy de pulmón:

- A) En ambos casos será igual posto que as diverxencias están anuladas en ambos polo lado de pulmón.
- B) Será maior no tratamento con campos hemibloqueados debido á transmisión da mordaza que hemibloquea.
- C) Será maior no caso non hemibloqueado posto que son iguais as diverxencias pero a penumbra dosimétrica é maior.
- D) Dependendo da anatomía da paciente pode ser maior con campos hemibloqueados pola transmisión da mordaza ou maior cos non hemibloqueados polo efecto da penumbra. É recomendable probar sempre ambos plans e comparalos.

31. ¿En cal dos seguintes xeradores dun equipo de raios X é menor o rizado?

- A) Rectificado de onda completa.
- B) 3 fases, 6 pulsos.
- C) 3 fases, 12 pulsos.
- D) Alta frecuencia.

32. Os tratamentos de braquiterapia de próstata poden realizarse mediante:

- A) Implante endocavitario de sementes de baixa taxa de I-125.
- B) Implante intersticial de fontes de baixa taxa de Cs-137.
- C) Implante intersticial de fíos de Ir-192 de baixa taxa.
- D) Implante transperineal e tratamento con fontes de Co-60 de alta taxa.

33. Segundo o documento da IAEA, TRS-483 "Dosimetry of small static fields used in external beam radiotherapy", existen condicións de campo pequeno cando:

- A) Existe perda de equilibrio lateral de partículas cargadas nos bordos do campo.
- B) Existe unha oclusión parcial da fonte secundaria de fotóns por parte dos sistemas de colimación no eixo do feixe.
- C) O tamaño do detector é similar ás dimensións do campo.
- D) A enerxía media do feixe supera 3 veces o radio do campo.

34. De acordo coa publicación 139 da ICRP sobre protección radiolóxica ocupacional en procedementos intervencionistas, respecto ao uso de dispositivos protectores do cristalino, que afirmación non é correcta?

- A) Cando o radiólogo leva postas as lentes chumbadas, a principal contribución da dose ao ollo é da radiación retrodispersada nos tecidos circundantes da súa propia cabeza.
- B) A dose ao cristalino pode reducirse nun factor 10–20 utilizando lentes chumbadas con atenuación equivalente a 0.50–0.75 mm Pb.
- C) A maioría dos modelos de lentes chumbadas proporcionan menor protección para o ollo contralateral que para o ollo adxacente á fonte de raios X.
- D) Alternativamente ás lentes chumbadas, poden empregarse máscaras faciais con atenuación equivalente a 0.1 mm de Pb.

1000	1010	870	920	990
1060	940	940	1020	1030
890	1090	1120	1100	950
1010	880	920	1110	1120
880	990	1040	1040	1140

35. Para a imaxe de inundación hipotética dunha gammacámara de 5x5 cos seguintes números de contas en cada pixel, a uniformidade integral (IU) é:

- A) 3%.
- B) 7%.
- C) 10%.
- D) 13%.

36. Nun control de calidade dun mamógrafo dixital, mídese na proba de compensación de espesor do control automático de exposición (CAE), unha relación contraste–ruído (RCR) para 5 cm de PMMA de 10. Cun maniquí de contraste–detalle obténse que o contraste umbral para ese mesmo espesor para un disco de 0,1 mm é do 20%. Sabendo que o contraste umbral limitante é dun 23%, calcular a RCR mínima que debería de ter o espesor correspondente a 7 cm de PMMA, para que o CAE dese equipo esté axustado de forma correcta.

- A) 8.7
- B) 7.8
- C) 6.9
- D) 10

37. De acordo coa Directiva EURATOM 2013/59, pola que se establecen normas de seguridade básicas para a protección contra os perigos derivados da exposición a radiacións ionizantes, cal das seguintes afirmacións relativas aos límites de doses é incorrecta?


- A) O límite da dose equivalente para as extremidades é de 150 mSv por ano para a exposición poboacional.
- B) Para a exposición ocupacional, o límite da dose para a pel é de 500 mSv nun ano, aplicado á media da dose calculado en calquera superficie de 1 cm², independentemente da superficie exposta.
- C) O límite da dose equivalente para o cristalino é de 15 mSv por ano para a exposición poboacional.
- D) Para a exposición ocupacional, o límite da dose equivalente para o cristalino é de 20 mSv nun único ano ou de 100 mSv ao longo de 5 anos consecutivos calquera, con suxeición a unha dose máxima de 50 mSv nun único ano, conforme o establecido na lexislación nacional.

38. Sinale a resposta incorrecta relativa á recombinación de ións nas cámaras de ionización de aire empregadas para a dosimetría de feixes alta enerxía:

- A) O factor de corrección k_s obtido mediante o método das dúas tensións, en feixes pulsados, corrixe tanto a recombinación xeral como a recombinación inicial.
- B) A recombinación inicial implica aos ións formados por unha soa traxectoria de partícula.
- C) A recombinación xeral depende da densidade de partículas e da voltaxe de operación da cámara.
- D) A recombinación inicial depende da voltaxe de operación da cámara e da tasa de dose.

39. Os multímetros actuais para o seu uso en equipos de raios X:

- A) Soen estar compostos por distintas cámaras de ionización.
- B) Soen ter detectores semicondutores xunto cuns filtros integrados no propio multímetro para realizar a medida dos distintos parámetros.
- C) Os datos obtidos con eles non son moi fiables en mamografía.
- D) O período recomendado entre distintas calibracións é moi longo (maior a 4 anos) porque son moi estables.



40. A un paciente con cancro de tiroides adquíreselle unha imaxe planar post-tratamento con I^{131} . Cal é a orixe do artefacto en estrela que se observa na imaxe?

- A) A ventá de enerxía púxose en ^{99m}Tc en lugar de ^{131}I .
- B) Reconstrución da imaxe co algoritmo de retroproxección filtrada.
- C) Penetración septal do colimador por fotóns de alta enerxía do ^{131}I .
- D) Baixa concentración de ^{131}I no tiroides do paciente.

41. Desestimarase o tratamento dos hepatocarcinomas con microesferas de vidro con $Y-90$ cando:


- A) O parénquima pulmonar reciba unha dose de 10 Gy ou superior.
- B) Os pulmóns non son órganos críticos dado que as microesferas quedan confinadas no fígado.
- C) Supoñendo unha masa pulmonar de 1 kg, a actividade acumulada sexa de 0,61 GBq (16,5 mCi) ou maior.
- D) O shunt pulmonar sexa do 10% ou superior.

42. O noso Hospital adquiriu un equipo de braquiterapia de alta taxa en cuxa compra veñen incluídos tubos de transferencia de 1 m de lonxitude desde o indexador ao aplicador e un aplicador vaxinal de 30 cm de lonxitude desde o tubo de transferencia á punta. Este aplicador ten un offset (distancia entre a punta e o centro da primeira posición activa de fonte) nominal de 6mm. Estamos a realizar unha proba de medida de verificación dese offset. Programamos un tratamento con parada de fonte nunha posición nominal de 1300mm a contar desde o indexador do equipo e ao executalo o equipo reporta que o cable de chequeo chocou no extremo máis distal do percorrido. Isto pode deberse a:

- A) O tubo de transferencia é defectuoso e ten unha lonxitude maior que a nominal.
- B) O conector que une o tubo de transferencia e o aplicador é defectuoso ou está mal conectado.
- C) A posición do cable de chequeo está mal calibrada e fai un percorrido máis curto do que debería.
- D) Deseñamos mal a proba. É normal que se produza a colisión.

43. Unha das vantaxes dos detectores de panel plano con respecto aos intensificadores de imaxe nos equipos de fluoroscopia é:

- A) Ausencia de distorsión na imaxe.
- B) A dose aos pacientes é significativamente menor que cos intensificadores.
- C) A resolución é moito maior que cun intensificador.
- D) Nos paneis planos non se producen artefactos nas imaxes.



44. O kit de control de calidade mostrado na fotografía úsase para avaliar:

- A) Resolución espacial dunha gammacámara.
- B) Linealidade dun calibrador de dose.
- C) Resolución en enerxía dunha gammacámara.
- D) Precisión dun activímetro.

45. O tag DICOM (0008,0060) corresponde á fonte do equipamento para a imaxe. Sinalar cal dos seguintes valores non é un termo definido no estándar DICOM:

- A) DX
- B) FL
- C) PT
- D) PX

46. No documento da IAEA, SRS nº 16 "Calibration of radiation protection monitoring instruments", establécese que, en condicións de referencia, o isótopo utilizado na calibración dun monitor de contaminación superficial para medida de radiación alfa sexa:

- A) Th^{232} .
- B) Tl^{204} .
- C) Cs^{137} .
- D) Am^{241} .

47. Segundo a recomendación do TG-186 da AAPM, o comisionado dun algoritmo de cálculo MBDCa pasa por dous niveis, que serían:


- A) Nivel 1: comparar o cálculo mediante MBDCa co obtido mediante formalismo TG-43 para un manequín virtual homoxéneo. Nivel 2: Comparar a dose calculada nunha serie de puntos no CT dun manequín real con insertos heteroxéneos coa medida directa de dose nese manequín empregando unha cámara de ionización.
- B) Nivel 1: comparar o cálculo mediante MBDCa co obtido mediante formalismo TG-43 para un manequín virtual homoxéneo. Nivel 2: comparar para manequíns virtuais que repliquen situacións clínicas o cálculo do MBDCa fronte ao obtido para eses mesmos manequíns mediante Montecarlo.
- C) Nivel 1: comparar para manequíns virtuais que repliquen situacións clínicas o cálculo do MBDCa fronte ó obtido para eses mesmos manequíns mediante Montecarlo. Nivel 2: Comparar a dose calculada nunha serie de puntos no CT dun manequín real con insertos heteroxéneos coa medida directa de dose nese manequín empregando unha cámara de ionización.
- D) Nivel 1: Comparar a dose calculada nunha serie de puntos no CT dun manequín real con insertos heteroxéneos coa medida directa de dose nese manequín empregando unha cámara de ionización. Nivel 2: comparar para manequíns virtuais que repliquen situacións clínicas o cálculo do MBDCa fronte ó obtido para eses mesmos manequíns mediante Montecarlo.

48. O método de historia condensada

- A) Emprégase como método de redución da varianza en algoritmos de superposición
- B) Utilízase no modelado do transporte de electróns en algoritmos Monte Carlo
- C) Emprégase para o modelado de feixes en presenza de heteroxeneidades en algoritmos pencil beam
- D) Utilízase para mellorar o modelado de heteroxeneidades en algoritmos convolución/superposición

49. En que localizacións son máis frecuentes as medidas nun equipo de densitometría ósea?

- A) Columna lumbar e fémur.
- B) Calcáneo e antebrazo.
- C) Antebrazo e falanxe.
- D) Calcáneo e columna lumbar.



50. A imaxe corresponde a un obxecto de proba do documento AAPM TG18. Que permite avaliar este obxecto nun monitor de diagnóstico?

- A) A reflexión difusa.
- B) O ruído do monitor.
- C) O velo luminoso.
- D) O contraste.

51. Pódese definir a razón de potenciación de osíxeno, OER ("Oxygen Enhancement Ratio", en inglés), como o cociente entre a dose absorbida necesaria para provocar un determinado efecto celular en ausencia de osíxeno e a dose necesaria para producir ese mesmo efecto, en presenza dunha determinada concentración de osíxeno. Sinalar, de forma xeral, a resposta correcta entre as seguintes:

- A) O OER é sempre maior para fotóns e para partículas alfa que para neutróns.
- B) O OER é maior para partículas alfa que para fotóns.
- C) O OER é menor para neutróns que para fotóns, pero pode ser lixeiramente maior para neutróns que para partículas alfa.
- D) O OER é similar para partículas alfa e neutróns, e en ambos casos maior que para fotóns.

52. No Report No. 204 da AAPM, defínese o estimador de dose específico do tamaño (SSDE, Size-Specific Dose Estimates). Como se pode calcular este indicador?

- A) A partir do CTDI_{vol} de referencia dividido polo diámetro efectivo do paciente, normalizado ao tamaño do paciente estándar.
- B) A partir do CTDI_{vol} de referencia multiplicado polo diámetro efectivo do paciente, normalizado ao paciente estándar.
- C) A partir do CTDI_{vol} de referencia multiplicado por uns factores de conversión en función do diámetro efectivo do paciente.
- D) A partir do CTDI_{vol} en aire multiplicado polo diámetro efectivo do paciente normalizado ao paciente estándar.

53. Cal dos seguintes radioisótopos emite partículas que teñen a probabilidade maior de producir interacción bremsstrahlung?

- A) Y-90.
- B) Tc-99m.
- C) F-18.
- D) Ra-223.

54. Indicar a resposta INCORRECTA en relación ao tempo morto, τ , dun detector de radiación: Datos: n = taxa de sucesos real; m = taxa de detección.

- A) No modo non-paralizable, a taxa de sucesos non detectados debido ao tempo morto é o produto $m\tau$.
- B) Se $n \ll 1/\tau$, a taxa de detección é aproximadamente a mesma nos modos paralizable e non-paralizable.
- C) Nun sistema paralizable, $m(n)$ é unha función monótona crecente.
- D) Se $n \sim 1/\tau$, a taxa de detección é maior, no modo non-paralizable

55. Son características da calidade de radiación RQA5:

- A) Tensión do tubo 80 KV e filtro engadido de Al de 26 mm.
- B) Tensión do tubo 80 KV e filtro engadido de Cu de 21 mm.
- C) Tensión do tubo 70 KV e filtro engadido de Cu de 26 mm.
- D) Tensión do tubo 70 KV e filtro engadido de Al de 21 mm.

56. Ordena de maior a menor segundo o tempo de decaimento da luminiscencia dos seguintes centelleadores:

- A) NaI(Tl), BGO, LSO, GSO.
- B) LSO, BGO, NaI(Tl), GSO.
- C) BGO, NaI(Tl), LSO, GSO.
- D) BGO, NaI(Tl), GSO, LSO.

57. Recadar toda a carga producida por un feixe de fotóns nun pequeno volume de aire, baixo condicións de equilibrio electrónico, é unha medida directa de:

- A) LET.
- B) Dose absorbida.
- C) Exposición.
- D) Ionización específica.

58. Durante o comisionado dun equipo de braquiterapia de alta taxa, son métodos válidos para comprobar o offset dun determinado tipo de agulla ou aplicador:

- A) A radiografía, a autorradiografía e a medida directa con cámara pozo.
- B) A autorradiografía e a medida directa con cámara pozo, pero non a radiografía.
- C) A radiografía e a medida directa con cámara pozo pero non a autorradiografía.
- D) A radiografía e a autorradiografía pero non a medida directa con cámara pozo.

59. Nun test de chi-cadrado, buscando unha diferenza estatisticamente significativa entre 2 resultados experimentais, afirmar tal diferenza cun valor p de 0,01:


- A) Significa que hai incuestionablemente diferenza entre os dous resultados.
- B) O experimentador ten unha marxe de erro maior que cun valor de p de 0,05.
- C) Significa que hai un 99% de posibilidades de que a afirmación sexa certa.
- D) Significa que hai un 99% de posibilidades de que a afirmación sexa incorrecta.

60. ¿Que é o rendemento dun equipo de raios X?

- A) A 80 kVp, a dose absorbida en aire sen retrodispersión expresada a 1 m de distancia do foco.
- B) A 80 kVp, a dose absorbida en aire con retrodispersión expresada a 1 m de distancia do foco.
- C) A 80 kVp, a dose absorbida en aire sen retrodispersión por unidade de carga expresada a 1 m de distancia do foco.
